

Orde do día dos asuntos a tratar no Pleno ordinario que terá lugar o luns, 22 de decembro de 2025, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións anteriores, número 12/2025 de 21 de novembro e número 13/2025 de 28 de novembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 24 de novembro ao 14 de decembro de 2025.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Museo Etnográfico Monte Caxado para cofinanciar as actividades do 40 aniversario do Museo
4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para financiar o Programa de actos culturais do ano 2025

Comisión de Deporte

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ares para o financiamento da obra de construción de Sala de Usos Múltiples-ximnasio-vestiarios Lg a Seara

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2025 e do correspondente convenio de colaboración.
7. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración.
8. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito coa Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña (ASPANAES) para financiar a Adquisición dun local para servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal
9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Persoas Adictas e Familiares ADIANTE para cofinanciar o Programa en familia tod@s contan e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

10. Aprobación da corrección do erro por omisión da partida orzamentaria no acordo número 16 adoptado polo Pleno da Corporación o 24 de xullo de 2025 relativo ao convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuíña), Negreira".

11. Dación de conta do modificado do proxecto da Senda Avenida do Embalse e Avenida da Prensa, relativo ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para o cofinanciamento de infraestruturas, como consecuencia da cesión do Polígono de Sabón ao Concello de Arteixo, documento administrativo número 41/2021.

12. Dación de conta do modificado do proxecto da Senda da Avenida da Praia, relativo ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para o cofinanciamento de infraestruturas, como consecuencia da cesión do Polígono de Sabón ao Concello de Arteixo, documento administrativo número 41/2021.

13. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "reforma da envolvente exterior da antiga lonxa de Camariñas e sala de exposición "Betí Donosti".

14. Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral da Garda Civil polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación no acuartelamento da Garda Civil de Betanzos.

15. Aprobar a prórroga extraordinaria da Fase 2 dos contratos baseados no acordo marco para a implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, código expediente PCO.001.2019.00090, consistente nos servizos de mantemento e soporte, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.

16. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de ampliación e reforma da piscina municipal", Cedeira, cunha achega provincial de 300.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3420/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 50.95194 % respecto dun orzamento de 588.790,09 euros.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

17. Aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2025 por maior achega provincial

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación e melloras da rede de saneamento nas parroquias de Rus, Carballo, Oza e outros", do Concello de Carballo incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0331.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación de redes separativas

de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0227.0

20. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Carral para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

21. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cee para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

22. Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Pontedeume para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

23. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros", do Concello de Bergondo incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0115.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

24. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)", do Concello de Bergondo incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0209.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

25. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a outubro de 2025.

26. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

29. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

30. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

32. Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 3º trimestre de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

33. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Outes sobre a recadación executiva de ingresos públicos non periódicos.

34. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Teo sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.
35. Dación de conta das resolucións da presidencia número 53880/2025 e 53881/2025, relativas ao persoal eventual.
36. Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Mugardos.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

37. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Acondicionamento da senda do Xallas"
38. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "As cabeceiras do Xallas"
39. Aprobación do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a "AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "MERCADO CREATIVO" DENTRO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO.
40. Aprobación do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "XXXIV Edición da Mostra do Encaixe de Camariñas" no ano 2025

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

41. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa DP0042A de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

42. Aprobación definitiva do proxecto da obra Sendas Peonís nas estradas DP 5602 Negreira a Pontenafonso e DP 1302 Negreira a Urdilde (NEGREIRA), Plan de Sendas Peonís 2024
43. Aprobación definitiva do proxecto da obra Mellora da seguridade viaria na DP 2502 en Vilaboa (VALDOVIÑO). Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024
44. Aprobación técnica da obra Mellora da intersección na DP 0102, Lema a Orto, punto quilométrico 1+600 (CAMBRE)

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS